

CONVOCATORIA PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DUNHA PRAZA DE TÉCNICO PARA A OFICINA TÉCNICA MUNICIPAL PARA A APLICACIÓN DAS NORMAS DO HÁBITAT PARA O ANO 2.009.

BASES

PRIMEIRA.-OBJECTO DA CONVOCATORIA.

É a contratación temporal como persoal laboral dun técnico/a (Arquitecto ou Arquitecto Técnico), mediante contrato de obra ou servizo determinado. O contrato terá unha duración de seis meses a contar a partir da sinatura do mesmo, conforme co establecido na Orde de 16 de xaneiro de 2.009, pola que se aproban as bases reguladoras polas que se lles conceden axudas aos Concellos de Galicia para a contratación de persoal técnico para a aplicación das normas do hábitat e se procede a súa convocatoria para o ano 2.009.

Os traballadores contratados prestarán os seus servizos segundo o contrato correspondente, sen que en ningún caso adquiran ningún dereito a incluírse no persoal fixo de plantilla.

SEGUNDA.-DURACIÓN DO CONTRATO E DA XORNADA DE TRABALLO E SALARIO DO TRABALLADOR.

A duración do contrato será de 6 meses a contar dende a sinatura do mesmo.

A xornada de traballo será de trinta e cinco horas e media (xornada a tempo completo), en horario a determinar pola Alcaldía. O traballador terá un salario bruto mensual de 1.565,24 € por tódolos conceptos (incluída a prorrata da paga extra).

TERCEIRA.-CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.

1.-Para seren admitidos ó presente concurso os aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos:

- a) Ser cidadán español sen prexuízo do establecido na Lei 17/1993, de 22 de decembro, en canto resulte de aplicación e nos termos establecidos.
 - b) Ter cumpridos 18 anos de idade.
 - c) Estar en posesión do título de Arquitecto ou Arquitecto Técnico ou calquera outro homologable cos anteriores. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación.
 - d) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opte.
- A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas minusválidas cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas, agás nos casos en que sexan incompatibles co normal desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes á praza á que se opte.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.

f) Non estar incurso nos supostos de incompatibilidades previstos na lexislación vixente.

2.-Os anteriores requisitos, deberanse posuír con referencia ó último día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo.

3.-Será nulo o nomeamento dos que estén incursos en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

CUARTA-FUNCIÓNS A DESENVOLVER.

As funcións que hai que desenvolver serán as propias do posto de traballo e, en especial, a elaboración de informes técnicos nos expedientes de outorgamento de licenzas, informes de valoración e informes sobre plans e demais instrumentos de ordenación e execución urbanística, así como a información e asesoramento á cidadanía en materia urbanística e especialmente en todo o referente á aplicación das normas do hábitat galego.

Con independencia das demais disposicións legais en materia de incompatibilidades (Lei 53/1984, de 26 de decembro), o persoal seleccionado non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou a servizo de entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolve na Oficina Técnica.

Así mesmo, e tal como establece a Orde de 16 de xaneiro de 2.009, o desempeño deste traballo será incompatible co desenvolvemento profesional privado no ámbito territorial do Concello de Cabana de Bergantiños.

QUINTA.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1.-As solicitudes para participar no concurso axustaranse ó modelo que se xunta como Anexo I a esta convocatoria, e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello no prazo de **5 días naturais**, contados dende o seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no periódico "La Voz de Galicia". As instancias tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. Non obstante, neste último caso, deberá anticiparse a presentación da solicitude de participación, a través de calquera medio que permita deixar constancia (fax, telegrama etc...) que deberá ter entrada no rexistro do Concello antes de que remate o prazo e hora fixados como o último día para a presentación de solicitudes.

2.-Á instancia unirase inexcusablemente a seguinte documentación:

a.-Copia do DNI.

b.-Copia do título correspondente.

c.-Copias de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non se presenten no momento da presentación da instancia.

3.-Os erros de feito que puideran advertirse poderán ser subsanados en calquer intre, de oficio ou a petición do interesado.

4.-Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo demanda-la súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido no punto 1 desta base para a presentación de solicitudes, transcorrido o cal non se admitirá ningunha petición desta natureza.

SEXTA.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

1.-Rematado o prazo de presentación de instancias o Alcalde do Concello ou Concelleiro en quen delegue dictará resolución aprobando a lista de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello así como na páxina web do Concello (www.concello-cabana.es). No caso de que fosen admitidos tódolos aspirantes presentados, poderá dictarse directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderá interpoñer os recursos procedentes en dereito.

2.-Os aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos ou excluídos disporán dun prazo de **2 días hábiles** contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello e na web do Concello de Cabana de Bergantiños, para subsana-los defectos que motivaran a súa exclusión ou a súa omisión das relacións de admitidos e excluídos. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos da realización das probas. De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a relación de admitidos elevarase a definitiva.

3.-Contra a resolución a que se refire o punto 1, así como contra aqueloutras que resolvan a subsanación de defectos ou omisión de inclusión a que se refire o punto 2 poderán interpoñerse os recursos a que haxa lugar en Dereito.

4.-Na mesma resolución o Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue determinará o lugar, hora e data de avaliación dos méritos debidamente acreditados polos aspirantes e da celebración das entrevistas, así como a composición do Tribunal Cualificador, que se publicará igualmente no Taboleiro de Anuncios do Concello.

SETIMA.-TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1.-O Tribunal Cualificador estará composto por los seguintes membros titulares ou suplentes que poderán intervir indistintamente:

- **Presidente:** Funcionario de grupo A.

- **Secretario:** O da Corporación ou funcionario en quen delegue. (que actuará con voz pero sen voto.)

- **Vocais:** O alcalde designará os seguintes:

1.- Un/unha funcionario/a ou traballador laboral fixo do Concello

2.-Un/unha funcionario/a ou laboral fixo do Concello

2.-Os membros do Tribunal estarán suxeitos ós supostos de abstención e recusación previstos nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992 citada, non podendo ser nomeados membros, colaboradores ou asesores do Tribunal os que realizasen tarefas de preparación de aspirantes

para probas selectivas para acceso á función pública nos cinco anos derradeiros á publicación desta convocatoria.

3.-O Tribunal non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia de alo menos tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente. En todo caso será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario ou do funcionario en quen delegue.

4.-O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes limitaránse unicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

5.-O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolve-las dúbidas que se presenten e toma-las acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

6.-Tódolos membros do Tribunal que asistan ás probas percibirán as asignacións que lles correspondan segundo a súa categoría de conformidade co artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e lexislación complementaria.

7.-A Alcaldía resolverá de acordo coa proposta do Tribunal, que terá carácter vinculante.

OITAVO.-SISTEMA DE SELECCIÓN.

1.-O sistema de selección será o de concurso.

2.-O Tribunal non poderá avaliar o non alegado e acreditado polos aspirantes nos documentos achegados no momento de presenta-las solicitudes ó concurso.

3.- No concurso avaliaranse os seguintes méritos:

3.1. Titulación académica:

a. Título de Arquitecto superior.....1 punto.

b. Título de Arquitecto Técnico.....0,50 puntos.

Deberá acreditarse pola copia do título oficial ou resguardo equivalente do mesmo.

3.2 Experiencia profesional efectiva:

a. Por cada mes completo (30 días) en postos de traballo de Arquitecto na Administración Local:0,25 puntos ata un máximo de 3 puntos.

b. Por cada mes completo (30 días) en postos de traballo de Arquitecto noutras Administracións Públicas: 0,15 puntos ata un máximo de 2.5 puntos.

c. Por cada mes completo en postos de traballo de Arquitecto na empresa privada: 0,10 puntos ata un máximo de 2 puntos.

Non se computarán servizos inferiores a un mes, considerándose, a estes efectos, os meses de trinta días.

Acreditarase mediante certificación ou outro documento equivalente, expedidos en ámbolos dous casos polo Organismo ou Entidade correspondente, que permita avaliar os servizos prestados. No caso de presentar copia dos contratos de traballo (e aínda

nos casos en que neste se indique a data de inicio e fin) estes deberán acompañarse dunha copia da vida laboral, documento de fin de contrato, ou calquera outro documento que permita coñecer sen ningún xénero de dúbidas a data de inicio e de remate do contrato. No caso de que poidan existir dúbidas sobre a data de inicio e fin da prestación do servizo o Tribunal poderá optar por valorar con 0 puntos o mérito alegado.

No caso de que a prestación se servizos fora realizada a tempo parcial e non a xornada completa, se dividirá pola metade a puntuación obtida neste caso.

3.3.Especialización do perfil profesional de urbanismo, vivenda e ordenación do territorio.

A puntuación máxima neste apartado será de 3 puntos.

- a. Por ter participado en solitario ou integrando un equipo redactor na redacción de documentos de planeamento xeral de ordenación municipal.....1 punto por cada un dos plans xerais nos que se tivera traballado.
- b. Por ter participado en solitario ou integrando un equipo redactor na redacción dos documentos dun plan parcial, plan especial, plan de sectorización, plan especial de mellora do medio rural.....0,50 puntos por cada un nos que participara.
- c. Por ter participado en solitario ou integrando un equipo redactor na redacción dun estudio de detalle.....0,25 puntos por cada un nos que participara.

Acreditarase mediante certificación ou calquera outro documento que poida acreditar a participación do aspirante na realización dos citados traballos.

3.4. Formación directamente relacionada coa praza: (máximo 4 puntos)

Por ter asistido a:

- a. Curso de especialización en Estudos Territoriais e Urbanísticos “Diploma de Técnico/a Urbanista” do INAP.....1 punto.
- b. Curso Superior de Urbanismo ou Curso Superior de Xestión e Disciplina Urbanística da EGAP.....1 punto.

c. Cursos relacionados co posto a desenrolar (2 puntos como máximo neste apartado):

- ata 20 horas.....0,10 puntos.
- de 21 a 50 horas.....0,20 puntos.
- de 51 a 100 horas.....0,30 puntos.
- de máis de 100 horas.....0,40 puntos.

No caso de non especificar horas se puntuará con 0,01 puntos. Acreditarase mediante diplomas ou certificacións expedidas polas Entidades Organizadoras.

3.5-Coñecementos de informática:

-Por coñecementos informáticos acreditados en programas de deseño asistido (CAD, Microstation...): 0,20 puntos por curso, ata un máximo de 1 puntos. Non se terán en conta os cursos nos que non figure o número de horas ou esta sexa inferior a 10 horas. Se acreditará mediante o diploma ou certificación expedida pola Entidade Organizadora.

3.6. – Coñecementos de galego:

- a. Celga 1.....0,05 puntos
- b. Celga 2.....0,10 puntos.
- c. Celga 3 ou grao de iniciación.....0,25 puntos.
- d. Celga 4 ou grao de perfeccionamento.....0,50 puntos.
- e. Celga 5.....1 punto.

Soamente se computará un curso, computándose o de grao superior alegado. Se acreditará mediante o correspondente certificado ou diploma.

3.7.- Entrevista persoal.

Valorarase ata un máximo de 3 puntos, e se referirá exclusivamente a aspectos curriculares.

NOVENA.-RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE NOMEAMENTO.

1.-Rematada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal formará a relación de aprobados pola orde de puntuación final obtida, non podendo rebasar estes o número de prazas convocadas e faráa pública no Taboleiro de Anuncios do Concello.

2.-De acordo coa relación, elevarase ó Sr. Alcalde-Presidente, ademáis da acta da sesión, a proposta de nomeamento do aspirante aprobado.

3.-Na acta da sesión, incluírase unha relación dos aspirantes que non foran incluídos na relación de aprobados e proposta de nomeamento, co fin de que, se por calquera circunstancia algún aspirante incluído nesta non fora nomeado, poderían selo, pola orde de puntuación obtida no proceso de selección. Ademáis a relación quedará para poder ser utilizada ata o remate do contrato laboral da persoa seleccionada, como reserva (sempre respetando a orde da lista), para cubrir situacións de renuncia voluntaria, procesos de incapacidade temporal, ou calquera outra circunstancia, no posto de traballo obxecto desta convocatoria. Cando un dos aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ó remata-lo período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que poderá ser chamado para unha nova contratación.

DÉCIMA.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

1.-O aspirante proposto presentará na Secretaría do Concello, no prazo de **3 días hábiles (excluído o sábado)**, contados a partir da publicación da relación de aprobados no

Taboleiro de Anuncios de Concello e na web do Concello de Cabana de Bergantiños, os documentos seguintes:

a.-Copia compulsada polo Secretario do Concello do Documento Nacional de Identidade.

b.-Copia compulsada polo Secretario do Concello do título esixido, así como de toda a documentación aportada para a súa avaliación no concurso.

c.-Certificado médico oficial de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes

d.-Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.

e.-Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

f.-Declaración xurada de non incurrir en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobor da materia.

g.-Os aspirantes que fixeron valer a súa condición de persoas con minusvalía, deberán acreditar tal condición e así mesmo a súa compatibilidade co desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes á praza, mediante certificación expedida polo Organismo competente na materia.

2.-A non presentación dentro do prazo fixado no parágrafo anterior da presente base da documentación antes referida, agás os casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsedade na instancia presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante, e xa que logo, a nulidade dos actos do Tribunal en relación co aspirante e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido.

Neste caso, a proposta considerase feita a prol dos aspirantes que, segundo á orde de puntuación obtida, teñan cabida no número de postos convocados; todo elo como consecuencia da citada anulación.

UNDÉCIMA.-NOMEAMENTO E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

1.-Presentada a documentación polos interesados, e sendo a mesma conforme, o Sr. Alcalde-Presidente procederá á designación do/s aspirante/s seleccionado/s e á formalización do/s correspondente/s contrato/s laboral/ais.

2.-Establécese un período de proba de 1 MES, conforme ó artigo 14 do Estatuto de Traballadores. Transcorrido este periodo se a persoa da que se trate o superase satisfatoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

3.-Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

4.-Quen sen causa xustificada non concorrese a formaliza-lo contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

DUODÉCIMA.-INCIDENCIAS.

1.-A presente convocatoria, as súas bases, e tódolos actos administrativos que dela deriven, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2.-Para o non previsto nestas Bases, será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, o Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril e o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, Lei 7/2007, de 12 de abril, que aproba o Estatuto Básico do Empregado Público e a normativa laboral de aplicación, e Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública de Galicia, e restantes disposicións de pertinente aplicación.

Cabana de Bergantiños, 26 de maio de 2.009.
O alcalde

Asdo. José Muiño Domínguez

DILIXENCIA.-Para facer constar que as presentes Bases foron aprobadas pola Resolución da Alcaldía nº 297/2009 do 26 de maio de 2.009

O Secretario.

Asd. Federico M. Suárez Cancelo.

